



"Tarxeta Benvida".

A *Consellería de Política Social* convoca axudas económicas, a través da *Tarxeta Benvida*, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declarados/os en situación de garda con fins adoptivos no ano 2021, (Orde do 28/12/2020, DOG núm. 11 do 19/01/2021, código procedemento BS403B).

Finalidade: conceder unha axuda económica para as familias que **no ano 2021 teñan un fillo/a**, adopten ou sexan declarados en situación de garda con fins adoptivos e, para aquelas que, tendo obtido a axuda ou non accedendo a ela por superar os ingresos previstos nas respectivas convocatorias no ano 2019 e 2020, experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito ás contías que correspondan en cada caso. Así como as galegas e galegos que tendo residido fóra de España, retornen a Galicia no ano 2021.

Requisitos:

- Residir na comunidade autónoma de Galicia.
- Que a renda da unidade familiar da última declaración do IRPF non supere os 45.000 € ou, que a renda per cápita non supere os 13.500 €.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.
- Os emigrantes galegos deberán ter retornado a Galicia no ano 2021 e ter a nacionalidade española antes do retorno.

Contía da axuda: 1200 €/ano - 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do/a fillo/a. No caso de ser o terceiro/a fillo/a ou sucesivos a contía será de 2.400 € - 200 €/mes. A **tarxeta benvida**. Terase dereito a axuda no segundo e terceiro ano de vida do/a neno/a, se a renda é igual ou inferior a 22.000 € nas seguintes contías: 600 €/ano se o fillo/a é o primeiro; 1.200 €/ano se é o segundo e, 2.400 €/ano se é o terceiro ou sucesivos. Só poderá utilizarse en farmacias, parafarmacias, ópticas, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializado en artigos e produtos para a infancia.

Documentación:

- A solicitude (anexo I) e o anexo II.
- A copia do libro ou libros de familia da unidade familiar.
- Indicar un número de teléfono móbil (para os efectos de activar a tarxeta benvida).
- A documentación que corresponda segundo cada caso (convenio regulador, certif. emigrante retornado, etc..)
- O **anexo III**, nos casos de querer comunicar diminución da renda, (prazo ata o 28/02/2021).

Prazo e lugar de solicitude: o prazo de presentación da solicitude será de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento, a solicitude preferiblemente por medios electrónicos no formulario normalizado da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, ou en soporte papel. Para máis información nos servizos sociais de atención primaria do Concello de Camariñas, telef.: 981-73 70 04.

Camariñas, 20 de xaneiro de 2021
A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,

Begoña Tajés Méndez